



## **CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

**DON IVÁN PONTE MAHÍA, SECRETARIO-INTERVENTOR DO  
CONCELLO DE SANTISO ( A CORUÑA )**

### **C E R T I F I C A**

O Pleno do Concello de Santiso, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2018, a que asistiron seis dos nove concelleiros que compoñen a Corporación Municipal, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **6.- DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE SANTISO.**

O Sr. Alcalde cede a quenda de palabra ó Sr. Secretario para que explique os motivos do cambio na composición da mesa de contratación.

O Sr. Secretario expón que o motivo do cambio na composición da mesa de contratación é a entrada en vigor da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público o día 9 de marzo de 2018, xa que na súa disposición adicional segunda apartado 7 establece que “... *La Mesa de contratación estará presidida por un membro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.*”

Considerando o establecido no apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da nova lei de contratos, a actual composición da Mesa de Contratación non cumpría coa estrutura e composición que se establece na nova regulación;

Visto todo canto antecede e ante a ausencia de debate, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos membros presentes, é dicir, cos votos a favor dos dous concelleiros do BNG, dos dous concelleiros do PSG-PSOE, e dos dous concelleiros do PP, **ACORDA:**



## **CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.-** Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Santiso que estará constituída polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:** Manuel Adán López ( Sr. Alcalde do Concello de Santiso )

**VOCAIS:** Don Iván Ponte Mahía ( secretario- interventor ) e Dona María Teresa Alcalde Valle ( persoal laboral fixo traballadora social ).

**SECRETARIA:** Dona María Carmen Pulleiro Guerreiro ( funcionaria do Concello ).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ós novos membros da Mesa ós efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Santiso que está aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, en Santiso a 2 de agosto de 2018, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.